MEMORIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

I. OBXECTO

A presente memoria ten por obxecto xustificar a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) da Consellería do Medio Rural, ao abeiro do disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, mediante a incorporación dunha serie de actuacións destinadas á adaptación da estrutura organizativa e funcional dos servizos vinculados ao dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais.

As modificacións propostas responden á necesidade de adecuar a configuración da RPT á evolución funcional, organizativa e operativa experimentada nos distintos ámbitos afectados, garantindo unha adecuada correspondencia entre as funcións efectivamente desenvolvidas, a estrutura administrativa existente e a configuración dos postos de traballo.

En concreto, a modificación comprende as seguintes actuacións:

a) creación dunha estrutura específica adscrita á Dirección Xeral de Defensa do Monte destinada á Unidade de Directores/as de Extinción (UDEX);

b) adecuación da configuración de determinados postos técnicos vinculados ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPIF), mediante a súa inclusión no acordo de condicións específicas, a adaptación da súa dependencia funcional, a homoxeneización da súa denominación e a apertura de determinados postos ao subgrupo A2;

c) Modificación da adscrición territorial dun posto de traballo de vixilante-emisorista na provincia de Lugo

II. MARCO NORMATIVO E ORGANIZATIVO

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, configura a relación de postos de traballo como o instrumento técnico básico de ordenación do persoal das administracións públicas galegas, a través do cal deben determinarse as características esenciais dos postos, os requisitos esixidos para o seu desempeño, os sistemas de provisión e a súa adscrición orgánica e funcional.

Neste marco normativo, a configuración da RPT debe responder aos principios de eficacia administrativa, racionalización organizativa, adecuación funcional dos

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 3
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 717
sxt.medio-rural@xunta.gal
www.xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: MysN4mJatDL7 https://sede.xunta.gal/cve

recursos humanos e utilización eficiente dos medios públicos, garantindo a correspondencia entre a estrutura administrativa formalmente configurada e as necesidades reais de funcionamento dos servizos.

O dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais da Comunidade Autónoma de Galicia experimentou nos últimos anos unha importante evolución funcional derivada, entre outros factores, da crecente complexidade técnica dos incendios forestais, da implantación de novas metodoloxías de coordinación operativa, da progresiva especialización das funcións técnicas asociadas á dirección e xestión das emerxencias e da adaptación das estruturas de apoio e mantemento do operativo.

Esta evolución funcional require a correspondente adaptación dos instrumentos de ordenación de persoal, co obxecto de asegurar que a configuración da RPT responda adecuadamente ás necesidades organizativas consolidadas e ás funcións efectivamente desempeñadas polos distintos órganos e unidades.

As actuacións propostas responden á adaptación da organización administrativa a necesidades operativas consolidadas, derivadas da evolución do dispositivo e da experiencia acumulada na súa aplicación práctica.

III.1. CREACIÓN DA UNIDADE DE DIRECTORES/AS DE EXTINCIÓN (UDEX)

Antecedentes e contexto organizativo

No marco da evolución do dispositivo autonómico de prevención e defensa contra incendios forestais, e particularmente tras a implantación progresiva do Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP) recollido no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA), púxose de manifesto a necesidade de reforzar as capacidades de dirección, coordinación avanzada e apoio operativo nos incendios forestais de maior complexidade.

O SEMOP configura unha estrutura modular de xestión operativa baseada na especialización funcional, na coordinación permanente dos recursos de intervención e na organización xerarquizada da dirección das emerxencias, incorporando funcións específicas asociadas á dirección técnica da extinción, planificación, operacións, loxística, coordinación aérea e organización sectorial do incendio.

A implantación efectiva deste modelo organizativo require dispoñer de persoal cun elevado grao de experiencia operativa, coñecemento técnico especializado, capacidade de coordinación de recursos complexos e dispoñibilidade para actuar en escenarios de elevada simultaneidade de incendios, afectación a persoas e bens non forestais ou situacións de especial dificultade operativa.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: MysN4mJatDL7 https://sede.xunta.gal/cve

Neste contexto, no PLADIGA 2023 configurouse funcionalmente a Unidade de Directores/as de Extinción (UDEX), como estrutura especializada de apoio á dirección operativa dos incendios forestais.

Desde a súa implantación, determinadas funcións propias desta unidade veñen sendo desenvolvidas mediante a asignación funcional de efectivos pertencentes á escala de Axentes Facultativos Medioambientais, sen que exista na actualidade unha estrutura administrativa específica incorporada á Relación de Postos de Traballo.

Necesidade organizativa da modificación

A experiencia operativa acumulada desde a implantación funcional da UDEX permitiu constatar a utilidade organizativa dunha estrutura especializada de coordinación avanzada, especialmente nos incendios forestais caracterizados por unha elevada complexidade organizativa, pola simultaneidade de múltiples lumes activos ou pola necesidade de coordinación reforzada dos medios de intervención.

Non obstante, a inexistencia dunha estrutura propia na RPT obriga actualmente a desenvolver estas funcións mediante mecanismos provisionais baseados na reasignación funcional de efectivos adscritos aos distritos forestais.

Esta situación presenta limitacións organizativas relevantes.

Por unha banda, dificulta a consolidación estable da unidade, ao non existir postos especificamente configurados para o desempeño permanente destas funcións nin unha estrutura administrativa propia que permita asegurar a continuidade organizativa, a especialización técnica e a planificación estable dos recursos humanos vinculados á unidade.

Por outra banda, a necesidade de detraer efectivos da estrutura territorial ordinaria para atender funcións especializadas de coordinación avanzada repercute sobre a organización ordinaria dos distritos forestais, afectando a súa capacidade operativa e xerando dependencias de solucións organizativas provisionais.

Consecuentemente, resulta necesario dotar a UDEX dunha cobertura estrutural específica na Relación de Postos de Traballo, mediante a creación de postos expresamente adscritos ao desenvolvemento destas funcións e cun ámbito de actuación autonómico.

A modificación proposta pretende, por tanto, consolidar administrativamente unha capacidade operativa xa existente no dispositivo desde o ano 2023, garantindo a súa continuidade funcional, a estabilidade organizativa da unidade, a adecuada

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: MysN4mJatDL7 https://sede.xunta.gal/cve

implantación do SEMOP e o mantemento simultáneo da capacidade operativa ordinaria da estrutura territorial.

Estrutura proposta

Actualmente, a estrutura administrativa non dispón de postos técnicos especificamente adscritos a estas funcións, polo que se propón a creación de 15 postos de Axentes que realicen estas funcións de coordinación durante a Extinción, baixo dependencia directa do Director Xeral de Defensa do Monte, e cun ámbito de actuación de carácter autonómico. As características dos postos mencionados e cuxa creación se propón son as seguintes:

POSTOS	NIVEIS	Subgrupo	CORPO/ ESCALA	FORMA DE PROVISIÓN
1 Axente Coordinador/a autonómico/a UDEX (con dependencia directa do DXDM)	25	C1	EAFM	Libre designación
2 Axentes coordinador I e II UDEX (con dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX)	22	C1	EAFM	Concurso específico
12 Axentes UDEX (con dependencia do Axentes coordinador I e II UDEX)	20	C1	EAFM	Concurso ordinario

A estrutura proposta configúrase cun modelo xerárquico e funcional adaptado ás necesidades operativas da unidade e ás funcións de coordinación e apoio técnico que lle corresponden no marco do dispositivo de defensa contra incendios forestais.

Xustificación das formas de provisión

1. 1 posto de Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX; Libre designación

A Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, establece no seu artigo 91 o carácter excepcional da provisión por libre designación para aqueles postos que, polas súas especiais características, requiran este sistema de cobertura.

Complementariamente, a Resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 25 de febreiro de 2016 establece os criterios de excepcionalidade aplicables á tramitación das relacións de postos de traballo nos supostos de utilización da libre designación en niveis iguais ou inferiores ao nivel 28.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: MysN4mJatDL7 https://sede.xunta.gal/cve

No presente caso concorren circunstancias obxectivas que xustifican a utilización deste sistema de provisión, ao concorrer circunstancias de especial responsabilidade, coordinación estratéxica e dirección funcional de carácter autonómico.

O posto de Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX exerce funcións de coordinación estratéxica da unidade, organización dos efectivos adscritos, planificación do despregue operativo, dirección funcional da estrutura e coordinación inmediata coa Dirección Xeral de Defensa do Monte, este posto se crea baixo a dependencia directa do/a director/a xeral de Defensa do Monte.

Así mesmo, as funcións atribuídas ao posto están directamente vinculadas á xestión operativa de situacións de emerxencia de elevada complexidade, requirindo dispoñibilidade permanente, capacidade de coordinación inmediata, elevada autonomía funcional e unha relación directa de coordinación e confianza funcional co órgano directivo responsable do dispositivo.

A singularidade funcional do posto, o seu ámbito de actuación autonómico, a elevada responsabilidade asociada á coordinación operativa avanzada dos incendios forestais e a súa especial vinculación funcional coa dirección do dispositivo permiten apreciar as circunstancias excepcionais que xustifican a utilización do sistema de libre designación.

2. Dous postos de Axentes Coordinadores/as UDEX: Concurso específico

De conformidade co disposto no artigo 91.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os postos de traballo da Administración deberán ser provistos, con carácter xeral, polo sistema de concurso, e de maneira particular mediante concurso específico para aqueles postos que, polas súas peculiares características, así se determine nas relacións de postos de traballo (RPTs).

No caso dos Axentes Coordinadores/as UDEX considérase plenamente xustificado o concurso específico como sistema de provisión, atendendo a que estes postos require de experiencia acreditada en dirección e coordinación de incendios forestais complexos, coñecementos especializados na aplicación do Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP), capacidade de toma de decisións en situacións de emerxencia e elevada simultaneidade, coordinación de medios terrestres e aéreos, capacidade de planificación operativa e organización de dispositivos de extinción de ámbito superior ao distrito, dispoñibilidade e adaptación a escenarios de elevada presión operativa.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: MysN4mJatDL7 https://sede.xunta.gal/cve

A natureza destas funcións fai necesario valorar non só os méritos xerais do persoal aspirante, senón tamén capacidades, aptitudes, coñecementos técnicos e experiencia específica directamente vinculados co desempeño efectivo do posto, mediante os mecanismos previstos regulamentariamente para o concurso específico.

Neste sentido, o artigo 20.6 do Decreto 151/2022 prevé expresamente que o concurso específico inclúa unha segunda fase dirixida á valoración de capacidades, aptitudes ou coñecementos relacionados co posto, mediante probas prácticas, memorias, entrevistas, test profesionais ou sistemas similares.

A utilización deste sistema de provisión considérase especialmente adecuada para garantir que os postos de coordinación da UDEX sexan desempeñados por persoal cun perfil profesional altamente especializado e adaptado ás funcións de dirección operativa avanzada que desenvolve esta unidade.

Todo o anterior xustifica que a proposta de creación de quince postos para a UDEX na RPT responde á necesidade de dotar de cobertura estable, permanente e estrutural unha capacidade operativa xa existente no dispositivo desde o ano 2023, recoñecida no PLADIGA e validada pola experiencia operativa acumulada durante a súa implantación funcional.

A creación destes postos permitirá consolidar unha estrutura especializada de apoio operativo e coordinación avanzada nos incendios forestais de maior complexidade, garantindo unha maior continuidade organizativa, unha resposta máis eficaz en escenarios de simultaneidade e unha aplicación máis efectiva do Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP).

Así mesmo, ao tratarse de postos de nova creación especificamente adscritos á UDEX e cun ámbito funcional autonómico, evítase a dependencia de solucións provisionais baseadas na reasignación de efectivos dos distritos forestais, garantindo o mantemento da súa capacidade operativa ordinaria e reforzando, ao mesmo tempo, a eficacia global do dispositivo de defensa contra incendios forestais.

Deste modo, créanse 15 postos específicos e diferenciados, cun ámbito territorial autonómico, sen comprometer os recursos humanos xa asignados aos distritos.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: MysN4mJatDL7 https://sede.xunta.gal/cve

III. 2 INCLUSIÓN DE SETE POSTOS NO ACORDO DE CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO PERTENCENTE AOS SUBGRUPOS A1 E A2 DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

O persoal técnico do Servizo de Prevención de Incendios que presta servizos nos diferentes centros de coordinación de incendios forestais ten regulada a prestación dos seus servizos no *Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servicio de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais*.

As condicións específicas de traballo levan aparellado unhas retribucións diferentes aos demais postos de persoal funcionario, que se reflicten nun complemento específico diferencial ao igual que na percepción dun complemento de produtividade pola realización de determinadas quendas de garda.

Para a prestación do servizo, no período de alto risco, nos diferentes centros de coordinación provincial é necesario que en cada quenda de garda haxa un xefe de garda e un técnico de apoio ao xefe de garda.

Ata o ano 2019, tendo en conta que as funcións de planificación e ordenación forestal e extinción de incendios estaban no mesmo centro directivo, as funcións de xefe de garda eran desempeñadas polos xefes de servizo do SPIF, xefes de servizo de montes e as xefaturas de area (nivel 26), e as funcións de técnico de apoio eran desempeñadas polas unidades técnicas (nivel 25) e polos postos bases A1 que contan co requisito de titulación de Enxeñería de Montes.

Adicionalmente, mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de xuño de 2019 aprobouse unha nova RPT na que se crearon determinados postos (xefaturas de área e un posto base subgrupo A1 dependente da Dirección Territorial de Lugo) que, malia desempeñar funcións vinculadas ás gardas, non foron incluídos no citado acordo de condicións específicas.

Por outra banda na Dirección Territorial da Coruña, hai un posto base subgrupo A1 (código: MRC991000015001015- requisito de titulación enxeñería de montes), que na RPT depende do Director/a Territorial pero que na práctica está adscrito ao servizo de prevención de incendios xa que resulta necesaria a súa incorporación ás diferentes quendas de gardas e non está incluído no acordo de condicións

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: MysN4mJatDL7 https://sede.xunta.gal/cve

específicas ao tratarse dun posto base que ten dependencia do titular do centro directivo.

Co fin de poder contar cun dispositivo apropiado para realizar as gardas de incendios, de conformidade co previsto no acordo de condicións específicas, é preciso dotar os anteditos postos coas retribucións recoñecidas no dito acordo, o que permite ter adecuadamente dimensionado o servizo para a realización das gardas de incendios:

Codigo de posto	Denominacion	Centro directivo
MRC991080115001010	XEFATURA ÁREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA - SFPIF
MRC991080115001011	XEFATURA ÁREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA - SFPIF
MRC991080127001009	XEFE/A DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DA LUGO- SFPIF
MRC991080132001011	XEFE DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DE OURENSE - SFPIF
MRC991080136001011	XEFE DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA- SFPIF
MRC991000015001015	POSTO BASE A1	DIRECCIÓN TERRITORIAL A CORUÑA
MRC991080127001004	POSTO BASE A1	DIRECCIÓN TERRITORIAL A LUGO

A totalidade dos postos están ocupados, ben por funcionarios en comisión de servizos, en destino definitivo ou mediante interinidade. A modificación que se plantexa é a aplicación das condicións do acordo de funcións, non a modificación das funcións que veñen realizando de xeito habitual nos seus diferentes postos.

No caso do posto base subgrupo A1 do Departamento Territorial da Coruña, ademais da inclusión do acordo é preciso recodificalo para que pase a depender do servizo de prevención de incendios forestais, toda vez que se trata dun posto que ten unhas funcións concretas que difiren do acordo xeral de que os postos bases deben depender do titular do centro diretivo.

Modificación dos postos base subgrupo A1 a Técnico/a de Apoio ao SPIF

Co fin de homoxeneizar a organización dos postos do Servizo de Prevención de Incendios Forestais nas distintas provincias, considérase máis apropiado modificar a denominación dos postos base A1 das provincias da Coruña e Lugo que no apartado anterior se relacionan e que pasan a depender do Servizo de Prevención de Incendios Forestais, pasando a denominarse, ao igual que os existentes nas provincias de Ourense e Pontevedra, «Técnico/a de Apoio ao SPIF».

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: MysN4mJatDL7 https://sede.xunta.gal/cve

Así mesmo, co fin de facilitar a cobertura destes postos e favorecer a promoción profesional do persoal funcionario do subgrupo A2, considérase conveniente abrir os catro postos á escala de enxeñeiros técnicos, especialidade enxeñería técnica forestal, sen que iso supoña alteración das funcións efectivamente desempeñadas nin da súa configuración organizativa.

Cómpre sinalar, ademais, que a apertura destes postos á citada escala non afecta á situación administrativa do persoal funcionario que actualmente os desempeña con carácter definitivo, nin altera os dereitos derivados da ocupación dos mesmos. Non existe na actualidade ningún procedemento de provisión pendente respecto destes postos ao estar todos eles ocupados en destino definitivo.

A proposta de apertura dos postos ao subgrupo A2 formúlase partindo da premisa de que a modificación non comporte, en ningún caso, a perda dos destinos definitivos actualmente ocupados nin a alteración da situación xurídica dos seus titulares. Neste sentido, a medida ten por finalidade ampliar as posibilidades de cobertura futura dos postos e favorecer a promoción profesional do persoal funcionario, producindo efectos unicamente cando se xeren situacións de vacante e sen incidencia sobre os destinos definitivos actualmente consolidados.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	ESCALA	SUBGRUPO	NIVEL
MRC991080115001213	TÉCNICO/A DE APOIO AO SPIF	EME3/ESE5	A1-A2	20
MRC991080127001004	TÉCNICO/A DE APOIO AO SPIF	EME3/ESE5	A1-A2	20
MRC991080132001010	TÉCNICO/A DE APOIO AO SPIF	EME3/ESE5	A1-A2	20
MRC991080136001010	TÉCNICO/A DE APOIO AO SPIF	EME3/ESE5	A1-A2	20

III.3. MODIFICACIÓN DA ADSCRICIÓN TERRITORIAL DUN POSTO DE VIXILANTE-EMISORISTA DO SPIF

Contexto organizativo

Os postos de vixilante-emisorista integrados no Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais teñen atribuídas funcións vinculadas tanto á vixilancia e

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: MysN4mJatDL7 https://sede.xunta.gal/cve

detección de incendios forestais como ao apoio ás tarefas de comunicación e coordinación desenvolvidas nos centros de coordinación do dispositivo.

A distribución territorial destes postos debe responder ás necesidades reais de funcionamento do servizo, garantindo unha adecuada utilización dos recursos humanos dispoñibles e a adaptación da estrutura de persoal á evolución organizativa do dispositivo.

Neste sentido, nos últimos anos produciuse unha progresiva implantación de medios tecnolóxicos de apoio á vixilancia forestal, complementando os sistemas tradicionais de vixilancia fixa. Paralelamente, a organización dos centros de coordinación experimentou cambios derivados da aplicación do Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, asinado o 22 de xullo de 2024, que supuxeron a necesidade de reforzar a dotación de persoal adscrito a estas unidades para garantir a continuidade do servizo.

Necesidade da modificación

Na actualidade existe na Relación de Postos de Traballo un posto de **Vixilante-emisorista**, pertencente á **Escala Especial de Bombeiro Forestal, especialidade Emisorista/Vixilante Fixo**, identificado co código **MR.C99.50.062.27290.030**, adscrito territorialmente á comarca da Mariña Oriental e localizado en **Mondoñedo**.

O citado posto quedou vacante o día **19 de xaneiro de 2026**, circunstancia que permite abordar a presente modificación sen afectar á situación administrativa do persoal funcionario con destino definitivo.

Así mesmo, considérase que a actual adscrición territorial do posto non responde ás necesidades operativas prioritarias do dispositivo, mentres que o **Centro de Coordinación Provincial de Lugo** presenta unha necesidade efectiva de reforzo dos efectivos destinados ás funcións de comunicación e coordinación asociadas ao funcionamento ordinario do operativo.

Consecuentemente, resulta necesario adaptar a distribución territorial dos recursos humanos ás necesidades reais do servizo, reforzando aquelas unidades nas que existe unha maior demanda funcional.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: MysN4mJatDL7 https://sede.xunta.gal/cve

Modificación proposta

Co fin de adecuar a configuración da Relación de Postos de Traballo á organización efectiva do dispositivo, proponse:

- a **amortización** do seguinte posto vacante:

Código do posto	Denominación	Escala / especialidade	Localidade
MR.C99.50.062.27290.030	EMISORISTA-VIXILANTE FIXO	Especial (Escala de Bombeiro Forestal – especialidade Emisorista/Vixilante Fixo)	Mondoñedo

- e a **creación dun novo posto** coas mesmas características profesionais, adscrito á **Xefatura Provincial do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Lugo**, para a prestación de servizos no **Centro de Coordinación Provincial**.

Código do posto	Denominación	Escala / especialidade	Localidade
MRC991080127001213	EMISORISTA-VIXILANTE FIXO	Especial (Escala de Bombeiro Forestal – especialidade Emisorista/Vixilante Fixo)	Lugo

A modificación proposta non implica incremento do número global de efectivos nin creación de novas estruturas administrativas, limitándose a unha reordenación interna dos recursos humanos existentes.

A medida permitirá reforzar a capacidade operativa do Centro de Coordinación Provincial de Lugo, adecuando a distribución territorial dos postos ás necesidades actuais do servizo e contribuíndo a unha utilización máis eficiente dos recursos dispoñibles.

A secretaria xeral técnica

Marta Forés Lojo

Asinado por: FORES LOJO, MARTA
Cargo: Secretaria Xeral Técnica
Data e hora: 30/06/2026 14:21:04

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: MysN4mJatDL7 https://sede.xunta.gal/cve